


febreiro-abril 25

BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL MANUEL MARÍA, OLEIROS



MONOGRÁFICO CLÁSICOS ATEMPORAIS E ELOXIO AOS QUE SE FORON

OS CLÁSICOS! Un libro vólvese atemporal cando sempre ten algo novo que contarnos.

LIBRO 1: EL EXTRANJERO, de Albert Camus. 20/02/25

Este libro, capital para a cultura do século XX, transcorre en Alxeria e narra a anódina vida de Meursault, un mozo oficinista que vive en perpetua apatía. Cando recibe a noticia do falecemento da súa nai, encáixaa coa maior impasibilidade. Obligado a abandonar a capital e viaxar para asistir ao funeral, Meursault desexa que a cerimonia sexa breve para regresar á súa casa. Esa indiferenza existencial marca os seus días, avanzando sen reaccionar á morte da súa nai, ao afecto da súa amada e nin tan sequera a un crime que cometerá con idéntica desidia, incapaz de ver o alcance moral dos seus actos.

LIBRO 2: EL CORONEL NO TIENE QUIEN LE ESCRIBA, de García Márquez. 20/03/25

«O coronel destapou o tarro do café e comprobou que non había máis dunha cullerada. Retirou a pota do fogón, verteu a metade da auga no chan de terra, e cun coitelo raspou o interior do tarro sobre a pota ata que se desprenderon as últimas raspaduras do pó de café revoltas con óxido de lata. Mentres esperaba a que fervea a infusión, sentado xunto á cociña de barro cocido nunha actitude de confiada e inocente expectativa, o coronel experimentou a sensación de que nacían fungos e lirios venenosos nas súas tripas. Era outubro. Unha mañá difícil de sortear, aínda para un home como el que sobrevivira a tantas mañás como esa. Durante cincuenta e seis anos -dende que rematou a última guerra civil- o coronel non fixera nada distinto de esperar. Outubro era unha das poucas cousas que chegaban.»

LIBRO 3: CIRCE OU O PRACER DO AZUL, de Begoña Caamaño. 10/04/25

Unha muller leva once anos agardando polo retorno do seu home. Cando comeza a temer a probable morte do marido, recibe a carta dunha estraña, unha muller misteriosa que a informa de que o seu home non está morto, senón que vive con ela un romance apaixonado. A partir de aí vaise tecendo unha relación epistolar entre as dúas; o home dunha e amante doutra acábase convertendo só no pretexto que vai unir para sempre o destino das dúas mulleres.